

RESOLUCIÓN do 13 de outubro de 2016 pola que se nomea o tribunal de selección dunha praza de titulado/a superior para a Unidade de desenvolvemento e innovación sanitaria.

Unha vez convocado proceso selectivo para a provisión mediante contrato laboral temporal dunha praza de titulado/a superior como xestor de proxecto para a Unidade de desenvolvemento e innovación sanitaria, pola resolución do 21 de setembro de 2016, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 186, do 29 de setembro de 2016, vistos o artigo 7 do V convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, a restante normativa aplicable, e de acordo co artigo 11 do citado convenio, en uso das facultades conferidas polo *Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos*, e de conformidade co establecido nas bases de dita convocatoria, esta xerencia

RESOLVE

Nomear o tribunal, titular e suplente, que deberá facer a selección da praza de titulado/a superior para a Unidade de desenvolvemento e innovación sanitaria, recollida na mencionada convocatoria.

Dito tribunal ten a seguinte composición:

Tribunal titular:

Presidencia: Luis Angel León Mateos, Director da área planificación e promoción da investigación sanitaria, facultativo especialista en oncoloxía médica.

Secretaría: Mario Mosquera Vereas, Xefe de servizo de innovación formativa, persoal estatutario grupo técnico da función administrativa, subgrupo A1.

Vogal: María Isabel Barros Pena, Xefa do servizo de xestión, persoal estatutario grupo técnico da función administrativa, subgrupo A1.

Tribunal suplente:

Presidencia: Rosendo Bugarín González, Responsable da área de asesoramento científico-técnico, facultativo especialista en medicina familiar e comunitaria.

Secretaría: Rosa María Hurtado Taboada, Xefa do servizo de docencia, persoal estatutario grupo técnico da función administrativa, subgrupo A1.

Vogal: Elías Vázquez Iglesias, persoal estatutario grupo técnico da función administrativa, subgrupo A1.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollos a Xerencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias referidas nos termos establecidos no artigo 24 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa publicación, ante o xulgado contencioso-administrativo competente de conformidade co establecido nos artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Potestativamente, e con carácter previo, poderase interpoñer recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Todo iso sen prexuízo de que a persoa interesada poida interpor calquera outro recurso que mellor conveña ao seu dereito.

Santiago de Compostela, a 13 de outubro de 2016

Xerente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde

Sonia Martínez Arca